



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA DE 9 DE MARZO DE 2.020

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e trinta minutos do día 9 de marzo de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez; Luis Varela Pérez; D^a Pilar Méndez Lombao; D^a María José Martínez Vigo; Dona Tania Díaz Seijas; D^a Begoña Seco Varela; D^a Elvira Lombao Vila; D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Iníciase o debate coa defensa, polo sr. Alcalde, da seguinte proposta de resolución:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

O Concello de Outeiro de Rei está a prestar e mellorar paulatinamente dende fai anos os servizos sociais básicos e comunitarios co gallo de mellorar progresivamente o benestar dos veciños de Outeiro de Rei.

A consolidación dos servizos de axuda no fogar, tanto en libre concurrencia como na súa modalidade de dependencia, así coma as disponibilidades orzamentarias froito dunha política económico-financieira rigurosa, permiten afrontar o reto de ir un paso máis aló, e iniciar as xestións para a futura implantación dun centro de día neste termo municipal.

As dificultades económicas de este reto requiren da asistencia de outras Administracións, entre as que se atopa a Xunta de Galicia e, máis concretamente, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ente institucional coa que comparte finalidades asistenciais e sociais.

Por tal motivo, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a integración do Concello de Outeiro de Rei no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a sinatura do correspondente Convenio de integración.

SEGUNDO.- Aprobar os Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, cuxo texto publicouse no DOG do 7 de xullo de 2006.





Concello de Outeiro de Rei

TERCEIRO.-Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular, para a subscrición dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ao Consorcio.

CUARTO.- Designar como representante deste Concello nos órganos reitores do Consorcio a José Pardo Lombao, Alcalde do Concello.

Rematada a defensa da moción fai uso da palabra a voceira do PSdG-PSOE, quen anuncia que apoiará a proposta, se ben lamenta que se adoptara con tanto retraso e que se privara aos veciños do termo municipal de dispor de este servizo tan necesario durante tanto tempo.

O voceiro do BNG congratúlase de que o Alcalde presente por fin esta proposta así como que, pouco a pouco, vaia asumindo as propostas presentadas polo BNG, se agradecería que non as asumise con catorce anos de retraso, xa que recorda que en outubro de 2006 os concelleiros do BNG presentaron unha moción cunha parte dispositiva idéntica á que hoxe (catorce anos máis tarde) trae o Alcalde ao Pleno, e na que solicitaban a adhesión ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a facultar ao Alcalde para formalizar dita adhesión.

No ano 2006, o PP votou en contra da moción do BNG co magnífico argumento de que non estaban de acordo cos estatutos do Consorcio. Curiosamente, os estatutos que o Alcalde propón aprobar nesta sesión planeria son exactamente os memos que os vixentes no ano 2006. Non cambia nin unha coma.

O problema de todo isto non é que o Alcalde termine asumindo como retraso as propostas do BNG, senón que os veciños do concello sufren as consecuencias, privándoseles durante longo tempo de servizos tan esenciais coma o Centro de Día.

Por aquel entón, concellos de tódolos cores políticos, coma Pantón, Begonte ou Pobra do Brollón, adheríronse ao Consorcio e disfrutaban dende entón de Centros de Día cun servizo de altísima calidade e a uns custes municipais moi baixos. Consecuentemente, estes foron catorce anos perdidos para os veciños do concello, que tiveron que levar aos seus maiores a concellos do carón porque o Alcalde non quixo adherirse ao Consorcio.

Algo parecido sucedeu coa Escola Infantil, que se fixo con retraso e que se xestiona por unha empresa privada que contrata aos traballadores sen respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Recorda que aos seis meses da creación do Consorcio se adheriron 50 concellos, e actualmente son 284 os concellos adheridos, polo que o Concello de Outeiro de Rei pertence aos escasamente 30 restantes. Coma sempre, vai tarde.

Non obstante, e a pesares dos 14 anos perdidos, o BNG votará a favor da proposta.





Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde resposta que, coma sempre, o BNG e máis o PSOE, cando están na oposición están sempre a propor cousas do máis dispares, namentres que cando gobernan van por detrás.

Non obstante, este equipo de goberno únicamente adopta iniciativas realistas e que están en condicións de levar a cabo. Por iso, agora propón a adhesión ao Consorcio porque existe unha sólida convicción de que se acadará financiamento para a construción do centro de día. Nembargantes, polo ano 2006 se propoñía a adhesión ao Consorcio “por si” existía a posibilidade de acadala.

Insiste en que neste intre se presenta a proposta de adhesión, e non antes, porque neste intre o Concello está en verdadeiras condicións de acadar financiamento e de sacar a diante o proxecto, e afirma que o que nunca fará será aprobar propostas que non leven a nada. O que se aproba está para cumprilo, e por iso agora se propón aprobar a adhesión ao Consorcio, porque o Concello está en condicións de prestar o servizo.

En relación a Escola Infantil, informa que as que se construíron e se xestionan polo Consorcio funcionan igual que a do Concello, pero sin que o Concello teña capacidade algunha de xestión e a un custe para as arcas municipais igual ou superior.

O voceiro do BNG recorda que sempre que o PP trouxo unha proposta razoable lle brindou o seu apoio, e o BNG manterá todo aquilo que funcione ben e mesmo tentará melloralo, xa que o contrario sería un atentado á intelixencia.

Insiste en que o PP vai a rebufo das propostas do BNG, e viuse perfectamente na sesión anterior, na que o BNG trouxo unha proposta para a construción de unha piscina pública (que votou en contra o PP) e, uns días máis tarde o Alcalde anuncia un proxecto para construír unha piscina pública. O mesmo sucedeu co saneamento e co Centro de Día.

Asemade afirma que as escolas infantís xestionadas polo Consorcio teñen a ventaxa -moi importante- de o persoal é seleccionado a través de un concurso no que todo o mundo pode presentarse e se resolve cos principios de igualdade, mérito e capacidade. Asemade, as condicións económicas para os concellos eran máis ventaxosas que as que acadan agora.

E o que é indiscutible é que os concellos que se adheriron no ano 2006, teñen escola infantil e centro de día dende o ano 2006 e a prezos moi accesibles. Estamos no ano 2020 e en Outeiro estamos sen centro de día porque o Alcalde non quixo permitir que o Consorcio seleccionase aos traballadores.

A voceira do PGdG-PSOE non comprende porqué no seu día o PP votou en contra da proposta do BNG de adhesión ao Consorcio creado pola Xunta de Pérez Touriño namentres que agora proponen a adhesión. Non entende o porqué de este retraso.

O Alcalde resposta ao voceiro do BNG que non é o BNG quen dí que está ben feito ou mal feito, senón os veciños, e os veciños xa faláron, xa que o PP dende o ano 2006 tan cada día unha maioría máis abultada.





Concello de Outeiro de Rei

E recorda que o Concello de Outeiro de Rei esté a medrar dende o ano 2006 e que a escola infantil municipal, xestionada polo Concello e non polo Consorcio, está chea de nenos e tivemos que ampliar un módulo máis este ano.

Pola contra, a xestión do BNG e máis do PSOE con este concello foi nefasta. Durante o goberno do bipatito a Xunta unicamente fixo dous caminos de un quilometro neste termo municipal, e curiosamente levaban ás casas de concelleiros de estos partidos.

O goberno socialista da Deputación de Besteiro aínda foi peor, cun sectarismo alarmante no que unicamente se outorgaba financiamento aos concellos de determinadas cores políticas. De eses anos a débeda do PSOE e máis do BNG cos veciños de Outeiro de Rei é de moito máis de 500.000 euros, e teñen actualmente as estradas provinciais e mesmo a N-VI e a A-VI en condicións tercermundistas.

Outro exemplo da xestión do PSOE e máis do BNG é o programa das residencias da terceira idade da Deputación, que as fixeron onde lles deu a gana e exclusivamente por criterios políticos, e catorce anos despois de por en marcha o proxecto e gastar moreas de cartos soamente abriron unha ou dous. E logo piden á Xunta que se faga cargo delas.

Saca a colación o tema do servizo de axuda no fogar, xa que o Goberno do PSOE aprobou unha Lei (dependencia), no que o Estado asumía o 50% do custe do servizo e, a día de hoxe, está a financiar unicamente o 25%, correndo o resto por conta das CCAA e dos concellos.

Fronte á xestión nefasta do PSDG-PSOE e máis o BNG pon coma exemplo a do PP, que fai que o concello creza de tal xeito que houbo que ampliar o CEIP, situación inédita na España vaciada.

En relación á proposta da piscina, espétalle ao voceiro do BNG que o Concello sempre dispuxo de piscinas públicas para os veciños, e que o que presentou o día seguinte ao do Pleno foi un proxecto de novas piscinas que, como é lóxico, non se redacta en un día. O proxecto xa estaba redactado cando o presentou a moción no Pleno. Agora ben, as piscinas non se porán en marcha este ano.

O PP non tomará o pelo aos veciños, e soamente proporemos aquilo que estamos en condicións de levar a cabo.

Rematado o debate, somete a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde





Concello de Outeiro de Rei



Cod. Validación: 9GRZQZYHQDEG42W4FMWKN54PY | Corrección: <https://outeiroderei.seglectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5